

16/515 MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL 2011.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Alcaldía, do 18 de xullo de 2011, que seguidamente se transcribe:

“Como consecuencia das pasadas eleccións locais, o día 11 constituíuse a nova Corporación municipal, adoptándose por parte dos distintos órganos municipais diversos acordos e resolucións en materia de organización e outros aspectos necesarios para o normal desenvolvemento da actividade municipal.

Dentro destes atópase o acordo relativo á aprobación do **Cadro de persoal eventual da Corporación Municipal 2011**, aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2011.

O citado cadro distingue dous grupos, un relativo ao persoal adscrito á Alcaldía e grupo de goberno e outro ao persoal adscrito aos grupos políticos.

En virtude de todo o cal, esta Alcaldía, logo das achegas efectuadas polos grupos municipais nas diversas reunións mantidas, de conformidade coas características que deben definir a este persoal de confianza e asesoramento especial, e considerando o seu número axeitado e proporcionado ao volume de traballo deste Concello, **PROPONLLE** á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Modificar o cadro de persoal eventual -do xeito que máis abaixo se indica- que realizará tarefas de colaboración inmediata con quen posúe o poder de superior decisión política, quedándolles vedadas as actuacións de colaboración profesional que se proxecte nas funcións normais da Administración pública, ben nas externas de prestación e policía fronte á cidadanía, ben nas internas de pura organización administrativa:

“CADRO DE PERSOAL EVENTUAL CORPORACIÓN MUNICIPAL 2011

I. ALCALDÍA E GRUPO DE GOBERNO

1. Denominación do posto:

XEFA/E GABINETE ALCALDÍA

Número de prazas:

Unha

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

39.287,26 euros.

2. Denominación do posto:

ASESOR/ASESORA DE COORDINACIÓN

Número de prazas:

Unha

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Determinarase no decreto de asignación”

Retribucións anuais:

39.287,26 euros

3. Denominación do posto:

ASESOR/ASESORA ESPECIAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Número de prazas:

Unha

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

30.407,36 euros

4. Denominación do posto:

ASISTENTES COLABORADORES DA ALCALDÍA E/OU DO GRUPO DE GOBERNO

Número de prazas:

Cinco

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

21.903,84 euros.

No obstante, poderase variar a denominación e as retribucións destes postos de traballo sempre e cando non supoña un incremento do número de postos e non signifique un aumento da cantidade retributiva total correspondente a este Grupo I (Alcaldía e Grupo de Goberno), isto é 218.501,08 €.

II. GRUPOS POLÍTICOS

5. Denominación do posto:

ASESOR/ASESORA DE COMUNICACIÓN

Número de prazas:

Dúas

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Unha praza a cada un dos grupos municipais Popular e Socialista.

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

39.287,26 euros.

6. Denominación do posto:

ASESOR/ASESORA ESPECIAL DE POLÍTICA LOCAL

Número de prazas:

Cinco.

ACTAS E GOBERNO

JACA/jch

Refª: Acordo Xunta Goberno Persoal de Confianza 11x340160515.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-7-2011

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Unha praza a cada un dos grupos municipais Popular e Socialista e tres ao Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

30.407,36 euros para os designados polos grupos municipais Popular e Socialista e 30.532,82 euros para os designados polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.

7. Denominación do posto:

ASISTENTES COLABORADORES

Número de prazas:

Dúas

Autoridade á que presta a súa función de confianza ou asesoramento:

Unha praza a cada un dos grupos municipais Popular e Socialista.

Determinarase no decreto de asignación

Retribucións anuais:

21.903,84 euros.

Non obstante, os grupos políticos poderán variar a denominación e as retribucións destes postos sempre e cando isto non supoña modificación do seu número (3 por grupo), nin signifique un aumento da cantidade retributiva total correspondente ao persoal eventual atribuído a cada grupo político, isto é 91.598,46 € -obtida da suma das retribucións anuais correspondentes os postos inicialmente previstos para cada grupo 39.287,26+30.407,36 + 21.903,84-.”

SEGUNDO.- Darlles traslado do acordado ao Servizo de Persoal e á Intervención Xeral Municipal.”

En virtude de todo o cal, a Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións e por unanimidade **ACORDA** aprobar a proposta da Alcaldía, anteriormente transcrita, nos seus propios termos.